

ACORDO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COLABORACIÓN NA DOTACIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO UNIVERSITARIO EN ÁREAS DE CIENCIAS DA SAÚDE .

En Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, Don Juan Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 62/2014, do 28 de maio, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse a subscribir este convenio, e para estes efectos.

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade dende a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.



Segundo. Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei 6/2011, do 21 de decembro, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe do estudantado e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

Terceiro. Que é de interese común do Servizo Galego de Saúde e da Universidade de Santiago de Compostela a formación nas Ciencias da Saúde, nas súas diferentes etapas en tanto que, ambas as dúas partes teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.

Cuarto. Que a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde, e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando tradicionalmente no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde.

As partes convenientes son conscientes da importancia que ten o ensino práctico para as disciplinas integradas no eido das ciencias da saúde, e da necesidade de que aquela se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario. Por iso buscan garantir o nivel práctico da docencias nos estudos que a integran.

Quinto. Que no Plan Galego de Financiamento Universitario está prevista a dotación dos recursos necesarios para atender as obrigas do Servizo Galego de Saúde respecto á Universidade de Santiago de Compostela derivadas da Orde do 18 de xuño de 2001 pola que se ordena a publicación do Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na Investigación e Docencia Universitarias.

Sexto. Que as xubilacións producidas nos últimos anos de profesorado de corpos docentes universitarios con praza vinculada, que se resumen numericamente en cadro anexo, e que non puideron ser repostas a causa das restricións xerais nas taxas de reposición de persoal consecuencia da normativa estatal na materia e das específicas derivadas do Plan Económico Financeiro de Reequilibrio da Universidade de Santiago de Compostela.

Sétimo. Que, tanto a Universidade de Santiago de Compostela como o Servizo Galego de Saúde consideran indispensable corrixir a situación de perda de efectivos de persoal con plena capacidade docente e investigadora, para o cal cren necesario desenvolver un plan de choque de dotación de prazas aproveitando os recursos non utilizables coa actual formulación do referido Concerto, e sen que xere custes futuros superiores á contía tomada como referencia para este no ano base do Plan Galego de Financiamento Universitario.



Oitavo. Que o plan de choque ten por obxecto dotar á Universidade de Santiago de Compostela de persoal docente e investigador naquelas áreas ou servizos que na actualidade carecen deste recursos por mor das xubilacións producidas dende o ano 2010 e que corresponden ás áreas de Ciencias da Saúde. Debido ás especificidades da carreira docente na Universidade de Santiago de Compostela no ámbito da gran área de ciencias da saúde e no ánimo de garantir a docencia de calidade de xeito inmediato que resolva ás necesidades do alumnado que cursa esta formación, a figura docente máis acaída para o caso é a de profesor asociado LOU – T3 – P6.

Noveno. Que para a selección do citado profesorado para acceso a ditas prazas a Universidade de Santiago de Compostela ten previsto un procedemento que se recolle na Normativa pola que se regula a selección do Persoal Docente e Investigador contratado e interino da Universidade de Santiago de Compostela (Consello de Goberno 17/02/05, modificacións posteriores incluídas no texto refundido), que garantirá o acceso en condicións de igualdade respectando en todo momento os principios constitucionais de mérito e capacidade.

Décimo. Que a Universidade de Santiago de Compostela, na medida das disponibilidades orzamentarias e normativas, progresivamente transformará as prazas de profesora asociado T3- P6 en prazas de profesorado con dedicación a tempo completo e vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela e con praza asistencial no Servizo Galego de Saúde e dar cumprimento aos obxectivos establecidos no concerto vixente dende o 1 de xullo de 2001 de “cooperar no mantemento da cualificación dos profesionais da saúde ao seu máis alto nivel, coidando da súa actualización e reciclaxe e favorecendo a súa incorporación á docencia universitaria”, e no campo da investigación “Favorecer o desenvolvemento dos departamentos universitarios nas áreas da saúde, potenciando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais institucións sanitarias, estimulando as vocacións investigadoras”.

Décimo primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde destina unha subvención para o desenvolvemento do anterior plan de choque, pretendendo dar cobertura a unha materia de interese público, social e sanitario que debido á súa especificidade técnica e á necesidade de garantir unha docencia de calidade de xeito inmediato que resolva ás necesidades do alumnado que cursa esta formación universitaria, fan imposible promover no presente caso a concorrencia pública.

A Universidade de Santiago de Compostela cumpre os requisitos exixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

A Universidade comprométese ademais a cumprir as obrigas especificadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así calquera outra obriga que a normativa vixente en materia de subvencións exixa aos beneficiarios destas.



Polo anteriormente exposto, acordan subscribir este acordo de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do acordo

É obxecto deste acordo establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de dotar á universidade de prazas de persoal docente e investigador naquelas áreas ou servizos que na actualidade carecen deste recursos por mor das xubilacións producidas dende o ano 2010 e que corresponden ás áreas de Ciencias da Saúde.

SEGUNDA. Actuacións

Entre o exercicio orzamentario de 2017 e o de 2020, a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde executarán un plan de choque para a dotación de 12 prazas de profesorado do corpo docente de profesor titular de universidade vinculado ou profesor contratado doutor vinculado, co obxecto de repórter efectivos de persoal no campo das ciencias da saúde con plena capacidade docente, investigadora e asistencial.

O Servizo Galego de Saúde aportará á Universidade de Santiago de Compostela durante o devandito período os recursos necesarios para que esta complemente o seu cadro de persoal nas áreas de Ciencias da Saúde con 12 prazas de profesor asociado T3-P6, que serán provistas pola Universidade de Santiago de Compostela consonte ao procedemento de selección regulamentariamente establecido.

Esta figura de réxime laboral ten carácter temporal (polo que non consume taxa de reposición de efectivos), cunha dedicación a tempo parcial proposta de 180 horas de docencia anual presencial e 180 horas de titoría (6 horas de docencia máis 6 horas de titoría semanais) e require o exercicio da actividade profesional fóra del ámbito académico (neste caso o exercicio sería no ámbito asistencial). Estas prazas de profesorado da Universidade de Santiago de Compostela teñen o seu recoñecemento no artigo 53 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 8 do Decreto da Xunta de Galicia 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario e no artigo 24 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As citadas prazas transformaranse progresivamente en prazas de profesorado universitario con vinculación permanente dos corpos docentes universitarios ou da



A large, stylized handwritten signature in blue ink, located in the bottom right corner of the page.

categoría de profesor contratado doutor ambas vinculadas a unha praza asistencial. A posterior cobertura destas prazas desenvolverase consonte aos procedementos de concorrencia competitiva legalmente establecidos pola Universidade de Santiago de Compostela.

TERCEIRA. Compensación económica

Para desenvolver ese plan, o Servizo Galego de Saúde participará no financiamento do obxecto do acordo coas contías e finalidades seguintes a cargo da partida orzamentaria 1571.412A.444.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, na que se prevé que exista crédito suficiente:

- a) Ano 2017: 44.153,09 € para financiar o custe no exercicio de 12 prazas de profesor asociado con dedicación P6.
- b) Ano 2018, 202.228,48 € para financiar o custe no exercicio do mantemento de 8 prazas de profesor asociado con dedicación P6 e a transformación de 4 prazas á categoría de profesor titular de universidade.
- c) Ano 2019, 304.692,94 € para financiar o custe no exercicio do mantemento de 4 prazas de profesor asociado con dedicación P6, a transformación doutras 4 á categoría de profesor titular de universidade e o mantemento das 4 prazas de profesor titular transformadas en 2018.
- d) Ano 2020, 407.157,39 € para financiar o custe no exercicio da transformación das últimas 4 prazas de profesor asociado P6 en prazas de profesor titular, e o mantemento das outras 8 prazas de profesor titular de universidade.

No exercicio orzamentario de 2021 a Universidade de Santiago de Compostela financiará cos seus propios recursos estruturais as 12 prazas de profesor titular ou profesor contratado doutor derivadas deste plan de choque, deixando de dotarse por parte do Servizo Galego de Saúde toda clase de financiamento adicional.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento, así como do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, consistirá na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida no senso do disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Lugar da presentación da documentación: toda a documentación de xustificación deberá de achegarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, á Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

De acordo co establecido no artigo 62 e 65 4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio para cada exercicio, por parte da beneficiaria.

A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% de cada ano é o 16 de decembro de cada exercicio orzamentario.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Vicexerencia do Servizo Galego de Saúde.

Consonte ao disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, relativo á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social, “a obriga de presentar a certificación prevista no artigo anterior poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos seguintes casos: e) as subvencións outorgadas a favor das Universidades”

CUARTA. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos achegados polo Servizo Galego de Saúde a sufragar os custos derivados das prazas de profesor asociado T3-P6.

Así mesmo, consonte co que establecen os artigos 40.1, g) e h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da Universidade de Santiago de Compostela, en tanto que beneficiaria:

- a) dunha banda, a de reintegro, total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión,
- b) e doutra, a de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino da subvención.

QUINTA. Prazas dotadas

A Universidade de Santiago de Compostela realizará a correspondente convocatoria de concurso público para a cobertura das 12 prazas de profesor/a asociado/a T3-P6, en áreas de coñecemento onde existe unha maior necesidade docente derivada das



xubilacións de persoal vinculado producidas dende o ano 2010 á actualidade e que a seguir se relacionan:

- 6 Prazas de Profesorado Asociado T3-P6 na área de Medicina (1 Neuroloxía, 1 Pneumoloxía, 1 Dixestivo, 1 Medicina Interna, 1 Reumatoloxía e 1 Alergoloxía).
- 4 Prazas de Profesorado Asociado T3-P6, na área de Pediatría.
- 1 Praza de Profesorado Asociado T3-P6 na área de Cirurxía (Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía).
- 1 Praza de Profesorado Asociado T3-P6 na área de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

SEXTA. Transformación das prazas

A Universidade de Santiago de Compostela, tendo en conta a taxa de reposición de efectivos vixente en cada exercicio orzamentario, transformará progresivamente as prazas de profesora asociado T3- P6 en prazas de profesorado con dedicación a tempo completo e vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela e con praza asistencial vinculada no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de dar cumprimento aos obxectivos establecidos no Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na Investigación e Docencia Universitarias.

A cobertura destas prazas desenvolverase consonte aos procedementos de concorrencia competitiva legalmente establecidos pola Universidade de Santiago de Compostela.

SÉTIMA. Comisión Técnica Paritaria.


O seguimento do presente acordo realizarase por parte dunha Comisión Técnica Paritaria que interpretará e velará polo cumprimento dos termos recollidos neste acordo, que estará composta por 10 membros designados polas partes (5 membros cada unha).

Son funcións desta comisión técnica:

- a) Velar polo cumprimento do acordo.
- b) Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio.
- c) Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao acordo.

OITAVA. Vixencia do convenio

Este acordo terá efectos dende o día da súa firma e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020.



NOVENA. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste acordo de colaboración o mutuo acordo entre as partes, o incumprimento, total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, ou denuncia expresa por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de tres meses á data de fin de vixencia.

DÉCIMA. Natureza do convenio

Este Convenio é de natureza administrativa e rexerase polas estipulacións nel contidas. A xurisdición competente para dirimir os conflitos que puidesen resultar deste será a contencioso-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO PRIMEIRA. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, os representantes das entidades asinan o presente Convenio en catro exemplares orixinais igualmente válidos e estampan neles as súas respectivas firmas no lugar e na data mencionadas.

Polo Servizo Galego de Saúde



D. Jesús Vázquez Almuiña

Pola Univ. de Santiago de Compostela



D. Juan Víaño Rey